



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino  
32001 OURENSE



COMUNICADO Nº 304/18  
19 DE DECEMBRO DE 2017



## 5ª COPA PIRELLI K6 2018

CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX



### Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:

**PIRELLI NEUMÁTICOS, S.A.U.**, a **Federación Galega de Automobilismo**, e **AMF MotorSport, S.C.G.**, organizan para o ano 2018 a **5ª COPA PIRELLI K6 2018**, no Campionato de Galicia de RALLYMIX. O presente Regulamento complementarase co ANUARIO DE GALICIA 2018, da **Federación Galega de Automobilismo**, nos apartados que non figuren neste documento.

### Artigo 2.- PARTICIPANTES:

A) Poderán participar tódolos pilotos que cumpran co Anexo I do Anuario da Federación Galega de Automobilismo do ano 2018, se inscriban no CAMPIONATO e participen nas probas puntuables.  
 B) **PIRELLI NEUMÁTICOS, S.A.**, a **Federación Galega de Automobilismo**, e **AMF MotorSport, S.C.G.** resérvanse o dereito a rexeitar calquera inscrición á **5ª COPA PIRELLI K6 2018** sen ter que xustificalo.

### Artigo 3.- VEHICULOS ADMITIDOS:

A **5ª COPA PIRELLI K6 2018** está reservada exclusivamente ós vehículos que participen con pneumáticos da marca PIRELLI, e presenten unha factura de compra de alomenos cinco pneumáticos PIRELLI, no axente oficial: **AMF MOTORSPORT, S.C.G.**, Telf. 986 640 715 - 616 784 863.

Modelo:



### Artigo 4.- INSCRICIÓN:

Tódolos interesados en inscribirse na **5ª COPA PIRELLI K6 2018** deberán facelo enviando as follas de inscrición "online" en [www.fga.es](http://www.fga.es) :

#### **FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO**

Ctra. de Vigo, 43 - Baixo · O PINO · 32001 Ourense / Fax: 988 271 461

nun prazo non inferior a 10 días antes da celebración da primeira proba na que desexe participar.

**Coa inscrición terá que adxuntarse unha factura orixinal, da compra de cinco pneumáticos PIRELLI a "AMF MOTORSPORT S.C.G."**

### Artigo 5.- PROBAS:

Para a **5ª COPA PIRELLI K6 2018**, serán validos os seis RallyMix que son puntuables para o Campionato de RallyMix de Galicia, debidamente aprobados pola **Federación Galega de Automobilismo**.

RALLYMIX			2018
DATA	PROBA	ESCUDEIRA	COEF.
03/04-03-2018	2º RALLYMIX CUNTIS "VILA TERMAL"	CUNTIS VILA TERMAL	8
21/22-04-2018	2º RALLYMIX CONCELLO DE TOURO	TOURO MOTOR	8
19/20-05-2018	1º RALLYMIX DE FERROL	A. FERROL	8
21/22-07-2018	3º RALLYMIX CONCELLO DE PINOR	MIXRALLYSPORT	8
15/16-09-2018	5º RALLYMIX A GUDIÑA	HC COMPETICIÓN	8
03/04-11-2018	5º RALLYMIX CONCELLO DE BARBADAS	BARBADAS	8

### Artigo 6.- PREMIOS:

A) En cada un dos RallyMix puntuables para a **5ª COPA PIRELLI K6 2018** outorgaranse os premios segundo a seguinte táboa:

#### **PREMIOS POR PROBA**

1º	<b>300 €</b>
2º	<b>200 €</b>
3º	<b>150 €</b>
4º	<b>100 €</b>
5º	<b>50 €</b>

#### **PREMIOS FINAIS SCRATCH**

VENCEDOR PILOTOS	TROFEO DE BRONCE
VENCEDOR COPILOTOS	TROFEO DE BRONCE
SUBCAMPIÓN PILOTOS	TROFEO DE BRONCE
SUBCAMPIÓN COPILOTOS	TROFEO DE BRONCE



Tódolos premios deste apartado son concedidos pola F.G.A., e "Pirelli Neumáticos, S.A.U.", e están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF.

### Artigo 7.-

En cada unha das probas puntuables para a **5ª COPA PIRELLI K6 2018**, outorgaranse os seguintes puntos segundo o posto e coeficiente da proba:

PUNTUACIÓN POR PROBA			
CLASIFICACIÓN 5ª COPA PIRELLI K6 2018( C )			
1º	30 PUNTOS	9º	8 PUNTOS
2º	25 PUNTOS	10º	6 PUNTOS
3º	20 PUNTOS	11º	5 PUNTOS
4º	18 PUNTOS	12º	4 PUNTOS
5º	16 PUNTOS	13º	3 PUNTOS
6º	14 PUNTOS	14º	2 PUNTOS
7º	12 PUNTOS	15º	1 PUNTO
8º	10 PUNTOS		

Os puntos P acadados na proba obteranse pola seguinte formula:  $P = K * C$ , sendo (K) o coeficiente da proba multiplicado por (C) os puntos obtidos nas clasificacións da **5ª COPA PIRELLI K6 2018**.

A clasificación final da **5ª COPA PIRELLI K6 2018** será establecida entre aqueles pilotos e copilotos que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha. Para a clasificación final sumaranse as puntuacións acadadas en tódalas probas celebradas (Pilotos e copilotos) menos unha.

### Artigo 8.-

#### PUBLICIDADE:

Tódolos vehículos deberán levar un parasol diantero de PIRELLI-AMF MOTORSPORT, 4 pegatinas de PIRELLI (36x11cm.), dúas nas esquinas superiores da defensa dianteira, e dúas nas esquinas superiores da defensa traseira, así como nas portas laterais, e unha pegada de Pirelli de (47x24cm.) (PIRELLI-AMF MOTORSPORT) apaisado y se porá debaixo do número de competición. Nota: Obrigatoriamente se terán que ver na parte dianteira e traseira do vehículo, o sexa, nunca postas nas partes laterais das defensas. Baixo ningún concepto estará permitido recorta-la publicidade nin tapa-la parcialmente. O incumprimento implicará a perda dos puntos e premios da proba de referencia. O que implicará a descalificación a tódolos efectos da **5ª COPA PIRELLI K6 2018**.

A monta indebida de pneumáticos, implica a exclusión total da **5ª COPA PIRELLI K6 2018**, coa perda total, dos puntos acadados ata a data, e da perda dos premios en metálico da proba do incumprimento.



### Artigo 9.- COMISARIO DE SEGUIMIENTO:

O Comité organizador nomeará a unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e identificada, para facelo seguimento da publicidade e todo o concerner o bo desenrolo da copa, nas verificacións técnicas de cada rallye, así como do estricto control das pegadas.

### Artigo 10.- MODIFICACIÓNS Ó REGULAMENTO:



Calquera modificación que puidera xurdir unha vez publicado ó presente regulamento, así como calquera cambio no calendario de probas, comunicarse ós inscritos mediante un complemento, e coa publicación na páxina de Internet (<http://www.fga.es>).

## **COMISIÓN DAS FÓRMULAS DE PROMOCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**